

Marina Núñez Orjales, Secretaria do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 24 de novembro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"4.- MOCIÓN. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE, REXISTRO DE ENTRADA NÚMERO 202599900007325 DO 11 DE NOVIEMBRE, SOBRE A INCLUSIÓN DO INMOBLE QUE ACOLLE A SEDE DA SOCIEDADE CULTURAL E RECREATIVA BERGANTIÑOS, COÑECIDA COMO CASINO DE CARBALLO, NO CATÁLOGO DE PROTECCIÓN DO PXOM DE CARBALLO. (CIPUM DE 18/11/2025).

COMPARECENCIA SOLICITADA POLO REPRESENTANTE DA SOCIEDADE CULTURAL E RECREATIVA BERGANTIÑOS, PARA FALAR DA ENTIDADE CASINO DE CARBALLO.

Antes de producirse a lectura, o debate e a votación da moción, a solicitude do día 13/11/2025 (RE núm. 202500000006378), da Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños, comparece o presidente da sociedade, ao amparo do artigo 24 do regulamento de participación cidadá do Concello de Carballo.

De seguido, o Presidente da sesión da conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade do 18/11/2025, punto 2 da orde do día, relativo a moción do grupo municipal do PSOE, rexistro de entrada número 202599900007325 do 11 de novembro, sobre a inclusión do inmoble que acolle a sede da Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños, coñecida como Casino de Carballo, no Catálogo de Protección do PXOM de Carballo. O texto desta moción foi modificado por parte do grupo propoñente e presentado o día 24/11/2025 (RE núm. 202599900007677). O texto íntegro é o seguinte:

"MOCIÓN SOBRE: a inclusión do inmoble que acolle a sede da Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños, coñecida como Casino de Carballo, no Catálogo de Protección do PXOM de Carballo.

O Grupo Municipal dos Socialistas de Carballo de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre a inclusión do inmoble que acolle a sede da Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños, coñecida como Casino de Carballo, no Catálogo de Protección do PXOM de Carballo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños, coñecida popularmente como Casino de Carballo, é unha entidade centenaria que forma parte esencial da historia e da vida social desta vila.

A entidade actual foi fundada no 1924 e pouco despois trasladouse ao local da rúa Vázquez de Parga, onde permanece de maneira ininterrompida desde febreiro de 1925 ata hoxe.

A relevancia desta institución xa foi debatida neste salón de plenos en febreiro de 2017, cando se aprobou unha declaración institucional a favor da súa preservación cos votos de PSOE, PP e BNG, e coa abstención de TEGA, que non se opuxo por principio, senón por considerar a iniciativa insuficiente e de escasa utilidade práctica. Naquel Pleno, a corporación municipal de Carballo expresou o seu desexo de que o Casino de Carballo continúe adiante e non desapareza, mantendo ademais a súa sede histórica.

Naquel debate, ademais da postura favorable do grupo socialista, interviñeron os principais grupos políticos e deles destacamos as seguintes intervencións:

- Miguel Ferreiro (PP): «Subscribimos integramente a declaración institucional. Estamos de acordo en que a Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños é historia viva de Carballo, e sería unha auténtica mágoa que desaparecese. As batallas hai que dalas, non perdelas. Apoiamos que se siga defendendo a actividade onde está».*

- *Xosé Regueira (BNG): «A declaración institucional é a máis solemne que pode haber nun pleno. Cando se fai, sobran as palabras. Subscribo absolutamente o texto».*

Cómpre lembrar tamén que a comezos deste ano 2025 este asunto volveu ser traído ao pleno por este Grupo.

A sociedade carballesa tamén se manifestou reiteradamente a favor da continuidade da entidade, tanto coa súa presenza nos Plenos como mediante o apoio masivo en momentos decisivos: na colecta pública recadáronse nunha semana máis dos 70.000€ necesarios para presentar o retracto segundo as escrituras públicas aportadas pola propiedade; e tamén na recollida de sinaturas a favor desta iniciativa que oxe presentamos neste Pleno.

Así pois, tendo claro o interese social en protexer esta institución e a importancia de que continúe no seu emprazamento actual para evitar a descontextualización, é preciso definir como colaborar para que isto se materialice de forma práctica, evitando que quede só nunha nova declaración de intencións sen aplicación real.

Sabemos que existe un litixio entre partes, ambas con intereses lexítimos, que deberá resolver a xustiza. Non corresponde a este salón debater sobre iso. O que si corresponde é defender o patrimonio cultural de todos os carballeses dentro das nosas competencias, e esa é a motivación que nos leva a presentar hoxe esta moción.

A nosa proposta consiste en incluír o inmovible que acolle a sede da Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños, coñecida como Casino de Carballo, no Catálogo de Protección do PXOM de Carballo. E para iso, tras esta longa pero necesaria introdución, expoñemos a seguinte motivación:

Este inmovible cumpre, sen resquicio de dúbidas, os requisitos establecidos nos artigos 87 e 88 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, na súa última actualización publicada o 31/12/2024:

- *Artigo 87. Concepto: Para os efectos desta lei, integran o patrimonio arquitectónico os inmovibles e os conxuntos destes, e as obras da arquitectura e da enxeñaría histórica ás que se lles recoñeza un papel relevante na construción do territorio e na súa caracterización cultural e que sexan testemuño dunha época histórica ou dos cambios na forma de entendela.*

- *Artigo 88. Contido do patrimonio arquitectónico.*

- 1. Para os efectos do establecido no artigo anterior, presúmese que concorre un significativo valor arquitectónico, para a súa inclusión neste capítulo, nos seguintes bens:*

c) Os edificios e construcións propios da arquitectura civil que servisen para uso público comunitario, como casas consistoriais, pazos provinciais, teatros, hoteis, hospitais, sanatorios, aduanas, mercados, fundacións en Galicia de agrupacións de emigrantes ou centros de ensino, construídos con anterioridade a 1926.

Todo isto, por suposto, en concordancia ademais co que dispón o artigo 81 da Lei 2/2026 do solo de Galicia.

E por se queda algunha dúbida sobre se os Casinos teñen cabida nestes artigos, a propia Xunta de Galicia, a través da xefa do servizo de patrimonio cultural da Coruña, di:

«Os casinos culturais e recreativos en España eran lugares de sociabilización e recreo, cuxas actividades máis frecuentes eran a lectura de xornais e libros, concertos, bailes e os xogos permitidos, como o billar, o xadrez, o dominó e os naipes. Na historia do asociacionismo, os casinos teñen unha serie de características comúns que os identifican: o aspecto lúdico (faladoiro, lectura e xogo) e o pago dunha cota dos socios para o seu mantemento. Así pois, transcendendo a materialidade do inmovible no que se concentre este fenómeno asociativo, as sociedades de recreo foron a forma de sociabilidade máis usual da España contemporánea».

Finalmente, no caso de que aínda persistan dúbidas sobre as datas, a pesar de todo o sinalado e o aceptado e non discutido ata o momento por todas as partes, poñemos en coñecemento deste Pleno a existencia de documentación administrativa que pode resultar de especial interese:

- *Expediente FO207A 2011/000218 da Deputación da Coruña, no que se concedeu unha subvención á Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños para reparacións no inmovible. Entre os documentos no poder da Administración figura un, con data do 3 de marzo de 2011, que pode resultar moi clarificador.*

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2025/G010/000013

- *Expediente 2024/U004/000182 do propio Concello de Carballo, no que outro escrito con data de 27 de marzo de 2025 que tamén pode ser de especial interese.*

En consecuencia, se o inmovible pode datarse antes de 1926 -como está suficientemente acreditado- debe ser incluído no Catálogo segundo indica a Lei antes mencionada.

En canto ás competencias que ten este pleno, cómpre lembrar que os concellos teñen atribucións para integrar no catálogo de bens culturais do seu PXOM aqueles que consideren oportunos.

Por todo isto, o grupo socialista propón ao Pleno da Corporación Municipal de Carballo a adopción dos seguintes acordos:

- *Solicitar o acordo plenario para o inicio do expediente de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), co fin de incluír o inmovible no Catálogo de Bens Protexidos, en virtude dos requisitos que contemplan os artigos 87 e 88 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia”.*

De seguido ábrese a quenda de intervencións.

Unha vez que se someteu a moción a votación, esta foi aprobada por unanimidade (13 votos do BNG, 5 do PP e 2 do PsdGPSOE).”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido este certificado coa reserva establecida no art. 206 do ROF, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, no Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

V. e Pr.

O alcalde